

Sr. Alcalde do Concello de Ordes  
(A Coruña)

Notifícolle que con data 13/12/2023 a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ditou a orde que literalmente di:

“ORDE DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ORDES.

O Concello de Ordes eleva para a súa aprobación definitiva o expediente do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) conforme ao artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), en relación coa disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Analizada a documentación elaborada por Estudio Técnico Gallego SA; e, vista a proposta literal que eleva a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, resulta:

#### *I. ANTECEDENTES*

1. O concello de Ordes dispón dunhas Normas subsidiarias de planeamento aprobadas definitivamente o 28.11.1996, que foron obxecto de varias modificacións puntuais.
2. O concello está afectado polos seguintes proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal:
  1. Centro tecnolóxico de compensadores de dilatación no lugar de Leira , AD 20.04.2011
  - L.A.T. 220 kV Mesón-Vimianzo AD 06.04.2001
  - Gasoducto Vilalba-Tui AD 26.09.1996
  - Plan sectorial hidroeléctrico das concas hidrográficas de Galicia-Costa
3. O 08.02.2011 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou o documento de referencia sobre o contido e alcance do informe de sustentabilidade ambiental (ISA).
4. O 10.07.2012 a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio emitiu o informe previo á aprobación inicial que indica a LOUG no seu artigo 85.
5. O 16.03.2016 o Concello pleno aprobou inicialmente o PXOM tras os informes técnico (07.05.2012) e xurídico (03.05.2012) correspondentes. Someteu o PXOM a información pública (DOG 30/03/2016 e principais xornais) e realizou as consultas ás administracións afectadas.
6. O 18.01.2023 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Memoria ambiental do PXOM, que foi publicada o 01.02.2023 no Diario Oficial de Galicia.
7. O 23.02.2023 o Concello pleno de Ordes aprobou provisionalmente o PXOM, tras os informes técnico, xurídico e de intervención (14.02.2023) correspondentes.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurb@xunta.gal.  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



8. O 04.04.2023, tras un requirimento da Dirección Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo do 22.03.2023, o Concello achegou a documentación completa correspondente.
9. O 27.06.2023 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda emitiu unha Orde na que se denegaba a aprobación definitiva do PXOM; e se instaba ao Concello de Ordes a corrixir unha serie de deficiencias expresadas no apartado II da dita Orde.
10. O 11.08.2023 o pleno do Concello aprobou provisionalmente o PXOM tras os informes técnico e xurídico. En datas 01.09.2023 e 11.09.2023 o Concello enviou a esta Consellería a documentación relativa á nova aprobación provisional e a solicitude de aprobación definitiva.
12. O 24.10.2023 emítase unha segunda Orde da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que resolve non outorgar a aprobación definitiva do PXOM de Ordes.
13. O 10.11.2023 o Concello, tras novos informes de secretaría, intervención e técnico, aprobou provisionalmente o documento do PXOM de emenda das deficiencias sinaladas anteriormente.

## II. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS

Analizada a documentación achegada en relación coas deficiencias sinaladas na anterior Orde de 24.10.2023 de non aprobación do PXOM de Ordes, compróbase que se teñen corrixidas as ditas deficiencias no novo documento aprobado provisionalmente o 10.11.2023.

A competencia para resolver sobre a aprobación definitiva do planeamento xeral corresponde á Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co disposto nos artigos 60, 61.1, 83.5 da LSG e no artigo 146.1 e 200.5 do RLSG en relación co Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; e nos artigos 1 e 4 do Decreto 167/2015, de 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da CMAOT, en relación coa disposición transitoria 2ª do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro.

## III. RESOLUCIÓN

En consecuencia, e visto o que antecede, RESOLVO:

1. Outorgar a Aprobación Definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Ordes.
2. De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e artigo 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo inscribirá de oficio a MP no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.
3. De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o concello deberá publicar no BOP a Normativa e Ordenanzas da modificación aprobada definitivamente, unha vez inscrita no Rexistro de Planeamento Urbanístico.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurb@xunta.gal.  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



4. Notifíquese esta Orde ao Concello.
5. Contra esta Orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.”

**O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.**

Santiago de Compostela, data e sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

María Encarnación Rivas Díaz

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurb@xunta.gal.  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

